



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro, 1
36995-Poio

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO TRESCENTOS NOVENTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL SETE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; asiste como Secretaria a da Corporación D^a. Paula Ramos Díaz, asistindo como Interventora a da Corporación D^a. Olga Rodríguez González; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3057.-.APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DE DATA 30 DE OUTUBRO DE 2007.- Pola Sra. Secretaria dáse conta da acta anterior quedando aprobada por unanimidade.

3058.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes que foron sometidos ao Pleno na sesión ordinaria do trinta de outubro de dous mil sete e que son os seguintes: "3031.- CONTRATACIÓN, PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS CONCURSO PARA O ALLEAMENTO DUNHA PARCELA URBANA EN RÚA VALIÑA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia; 3032.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e

publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3033.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3034.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3035.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SANEAMENTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3036.- MODIFICACIÓN DA TAXA DE ANÁLISE DE VERTIDOS E INSPECCIÓN DE AUGAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3037.- MODIFICACIÓN DO TIPO DE GRAVAME DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3038.- MODIFICACIÓN DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3039.- MODIFICACIÓN DA TAXA DO SERVIZO PÚBLICO DE GRÚA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3040.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3041.- MODIFICACIÓN DA TAXA POR A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CELEBRACIÓN DE CASAMENTOS CIVÍS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3042.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3043.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OS SERVIZOS FACULTATIVOS QUE SE PRESTEN EN OBRAS MUNICIPAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3044.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia; 3045.- SOLICITUDE REVISIÓN PREZOS CONCESIÓN SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. E LIMPEZA VIARIA CESPA, SA ANO 2007.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á empresa concesionaria; 3046.- MOCIÓN DO PP,

DOTACIÓN AO CEIP DE CHANCELAS DE PATIO CUBERTO E RENOVACIÓN DE PARQUE INFANTIL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao arquivo do expediente; 3047.- CONTESTACIÓN ÁS MOCIÓNS PRESENTADAS POLO PP EN RELACIÓN AO PARQUE EMPRESARIAL DE FRAGAMOREIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao arquivo do expediente; 3048.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse solicitude de subvención ante a Consellería de Política Territorial; 3049.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 29/2007: SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación no Boletín Oficial da Provincia; 3050.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 30/2007: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio da aprobación no Boletín Oficial da Provincia; 3051.- MOCIÓN DO PP SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO NOVO P.X.O.M. DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao arquivo do expediente; 3052.- RATIFICACIÓN ACORDO: CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, APROBACIÓN MEMORIA-PROGRAMA E ORZAMENTO DE ACTUACIÓN PARA REHABILITACIÓN DE 25 VIVENDAS EN COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse o acordo adoptado á Consellería de Vivenda e Solo; 3053.- RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS, EN RELACIÓN COA PARCELA "MONTE DE VIÑAS" SOLICITADA POLA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE SAN SALVADOR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse recurso de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais; 3054.- URBANISMO, APROVEITAMENTO URBANÍSTICO LUCRATIVO MUNICIPAL NO POLÍGONO 3 DE INVERCANOSA, S.L. EN RÚA VALIÑA: EMPRAZAMENTO DO SOLO NO QUE SE MATERIALIZARÁ O APROVEITAMENTO LUCRATIVO MUNICIPAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3055.- URBANISMO, CONVENIO URBANÍSTICO NÚM. 22 COA ENTIDADE MERCANTIL BEGANO, S.A., EN RÚA VALIÑA: DEIXAR SEN EFECTO O ANEXO AO DEVANDITO CONVENIO E EMPRAZAMENTO DO SOLO NO QUE SE MATERIALIZARÁ O APROVEITAMENTO LUCRATIVO MUNICIPAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3056.- MOCIÓN DO PSOE, DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2007.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse o acordo á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza."

A corporación dáse por enterada.

3059.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria, dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario que estiveron a disposición dos distintos membros da corporación,

durante o tempo regulamentario, para a súa consulta.
A corporación dáse por enterada.

3060.- PROPOSTA DA ALCADÍA SOBRE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 32/07: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Pola Secretaria procédese a dar lectura do ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de novembro de 2007 que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da proposta da Alcaldía de data 14 de novembro de 2007 e do informe e certificación da Intervención Municipal de data 15 de novembro de 2007 sobre realización dunha modificación presupuestaria mediante transferencia de crédito por importe de 31.695,85 €.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente manifestando a necesidade de dita modificación presupostaria de transferencia de crédito para sufragar partidas de investimento co fin de financiar facturas que se relacionan e que están pendentes de crédito.

A Interventora Municipal pon de manifesto que se coñece unha nova subvención pola Consellería de Innovación e Industria con relación do proxecto "Poio Dixital" por importe de 26.384,74 € para o presente exercicio e por importe de 166.375,78 € para o exercicio 2008 e dado que o importe subvencionado ascende a o 58,80% do proxecto presentado, polo que o crédito consignado na modificación nº 30/07 aprobada polo Pleno en sesión ordinaria do 30 de outubro por importe de 11.500 € é escaso para satisfacer o importe da aportación municipal sendo necesario incrementar o importe da aportación na partida 121.62600 no importe de 7.000 € minorando a maiores a partida 511.60100 por ese importe.

O Sr. Domínguez Lino di que xa levamos 32 modificacións de crédito e o incremento de partidas de pavimentación e por tanto van a votar en contra xa que dito aumento ven motivado pola necesidade de amparar os gastos electorais do BNG.

O Sr. Barreiro Lubián pregunta se os pavimentos eran necesarios ou non.

O Sr. Domínguez Lino di que o mellor si pero que hai que acomodarse á correcta planificación.

O Sr. Barreiro Lubián di que as modificacións de crédito son figuras presupuestarias e se utilizan.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto, coa incrementación que se propón no informe da Interventora Municipal, e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legalmente establecidos."

O Sr. Barreiro Lubián explica a proposta da alcaldía onde se contemplan as partidas que se van incrementar explicando que as partidas que se minoran non se utilizarán este ano, como poden ser as do POL e PPC.

Os gastos correspóndense con obras e servizos que hai que ofrecer aos veciños e non son gastos electorais do BNG.

Trátanse de partidas que hai que utilizar para cubrir outros gastos como pode ser a aportación municipal para cofinanciar a subvención de Industria.

Os orzamentos fanse a comezos do ano e son previsións que as veces non son necesarias, por iso existen as figuras de modificación orzamentaria que contempla a lei.

O Sr. Domínguez Lino di que esta modificación orzamentaria é a núm. 32 e supón un incremento do orzamentado até 255.000 E en investimentos e tanta modificación pon de manifesto unha mala xestión.

Dicir que o gasto que se realizou antes das eleccións supuxo un 70% que demostra que son gastos electoralistas e un zafarrancho electoral, situación que foi denunciada polo PP e aprobada polo PSOE no mes de xullo.

Por certo electoralismo puro de pavimentación que fixeron onde lle valeu para manterse no sillón da alcaldía pero non co obxectivo que pretendía que era logralo pero con maioría absoluta, a que xa conseguira no 2003 con promesas a unha pequena parte da poboación de Poio e que a día de hoxe aquelas promesas do Sr. Sobral, lles está a causar algún disgusto e o máis grave é que nos está costando de nosos bolsillos as súas promesas electorais.

Pero de todo isto, o que máis nos asombra é de novo o apoio que o Partido Socialista de Poio e a súa voceira a Sra. Besada van a dar unha vez máis ás cacicadas do BNG e do Sr. Sobral. O tempo pon a cada un no seu sitio Sra. Besada, e nun tempo record o pobo xa a puxo no seu sitio (non leva nin 6 meses no cargo), quen non é outra que a verdadeira cómplice do Sr. Sobral e do BNG na súa desastrosa política que aplica no Concello e que nos está a levar a unha parálise total.

Non se goberna con bicos, abrazos e asfaltados de última hora e con promesas que non se cumpren, gobiernase con xestión eficaz e eficiente.

En definitiva Sr. Sobral, Sra. Besada o PP vota en contra desta modificación de crédito, xa que non estamos dispostos a apoiar os gastos electorais do Sr. Sobral ea que ao final vainos aos bolsillos dos veciños.

As políticas levadas polo BNG durante os últimos anos e agora apoiadas polo PSOE están demostrando que son ineficientes, ineficaces e incluso moitas delas de dubidosa legalidade como nos ven repetindo nos seus informes da Intervención, cos seus reparos e que o Alcalde cos seus decretos os levanta sin cambio de actitude.

Existen outras formas de hacer política Sr. Sobral, Sra. Besada e que o PP polo ben dos veciños de Poio e para os nosos bolsillos e para o cumprimento de que todos somos iguais ante a lei lle pedimos que a empece a aplicar.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que xa están acostumbrados aos mitíns e non nos extrana as mentiras que neles din.

Os investimentos que se fixeron como a compra de mobiliario, material informático, ordenación dun xardín, gastos no centro de saúde, policía local, protección civil, non lle parecen importantes pois son os gastos que se realizan.

Ao meu entender, se hai modificacións orzamentarias hai equipo de goberno que xestiona polo que nula xestión non o creo. Os orzamentos son previsións feitas fai once meses e se agora non facemos modificacións perdemos 200.000 €; non podemos perder os cartos que hai e facemos xestión para investir e se nun principio non se fan as obras previstas facemos outros investimentos que supoñen modificacións orzamentarias.

Queixanse porque o facemos e por iso molesta,

Os orzamentos do 2007 eleváronse a 10 millóns de euros esta modificación supón pouco máis de 30.000 €.

Sentimos que non estén de acordo pero non imos deixar de gastar os ingresos que percibimos.

A Sra. Besada Lores di que non lle sorprende as acusacións vertidas ao PSOE que parece que ten toda a culpa do que está pasando, levamos catro meses no goberno e non 12 anos.

Dicir que agora coa nova Xunta estanse a conceder máis subvencións e sen antes non se facían modificacións era porque non se recibían ingresos.

En pre-campaña asfaltáronse camiños que estaban mal, e agora quen resulta prexudicados van ser os provedores por iso imos apoiar as modificacións para que estes non sexan os prexudicados.

O Sr. Domínguez Lino di que en plena campaña realizáronse asfaltados con fins electorais e nos orzamentos fíxose unha mala planificación xa que en pavimentación orzamentáronse 145.000€ e agora vaise dobrar e destacar que o 70% realizouse en pre-campaña por iso dicimos o de zafararrancho electoral.

O Sr. Barreiro Lubián di que cando se aproban os orzamentos aplícase o principio de prudencia, iso significa que non se pode prever máis do que se vai realizar, xa que pode supoñer temeridade. Se se ingresan 12 millóns presupóstanse 10 e ao longo do ano xestionanse de conformidade cos acontecementos.

Un goberno ten a responsabilidade de gobernar e tomar decisións libremente. Para vostedes asfaltar camiños supón descontento, o goberno asume cando e onde gastar.

O Sr. Domínguez Lino contesta que como oposición teñen a obriga de denunciar, fiscalizar e controlar e ten que asumir a nosa posición.

Sometido á votación a aprobación da modificación orzamentaria núm. 32/2007, transferencia de crédito, esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE) e 7 votos en contra (7 PP), o que supón a maioría absoluta; facultándose ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

3061.- BAIXA DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO EXERCICIOS 1995, 1996, 2003, 2004 E 2006.- Pola Secretaria procédese a dar lectura do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de novembro de 2007 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do informe da Interventora Municipal de data 9 de novembro de 2007 onde se reflicte os dereitos pendentes de cobro obxecto de prescrición ben por transcorrer un prazo de tempo superior a 4 anos dende o recoñecemento do dereito sen que o ingresos se houbera producido ou ben por tratarse de dereitos recoñecidos en virtude de subvencións non xustificadas na súa totalidade nas que se deixou de percibir o importe das mesmas nos importes relacionados nos conceptos regulados nos anos 2004 e 2006 son os seguintes:

Exercicio 1995: total: 37.768,78€

<u>CONCEPTO</u>	<u>PARTIDA</u>	<u>IMPORTE</u>
391.00	Infraccións Urbanísticas	37.768,78€

Exercicio 1996: total: 37.642,52€

<u>CONCEPTO</u>	<u>PARTIDA</u>	<u>IMPORTE</u>
391.00	Infraccións Urbanísticas	37.642,52€

Exercicio 2002: total: 5.382,56€

<u>CONCEPTO</u>	<u>PARTIDA</u>	<u>IMPORTE</u>
310.01	Taxa Saneamento	1.401,87€
310.05	Taxa Abastecemento Auga	3.980,69€

Exercicio 2003: total: 1.431,76€

<u>CONCEPTO</u>	<u>PARTIDA</u>	<u>IMPORTE</u>
310.01	Taxa Saneamento	1.431,76€

Exercicio 2004: total: 1.514,45€

<u>CONCEPTO</u>	<u>PARTIDA</u>	<u>IMPORTE</u>
470.00	Aportacións empresas privadas	910,71€
761.00	Deputación. Subvencións investimentos	603,74€

Exercicio 2006: total: 1.627,53€

<u>CONCEPTO</u>	<u>PARTIDA</u>	<u>IMPORTE</u>
-----------------	----------------	----------------

451.05	Subvencións Cultura, Deportes e Outras	20,58€
451.07	Subvencións Cursos Formación	1.606,95€.

O Sr. Barreiro Lubián explica que é necesaria a fiscalización desta débeda total a prescribir, que ascende á cantidade de 85.367,60 €, coa finalidade de que a contabilidade reflecte a imaxen fiel de dereitos pendentes de cobro da Facenda do Concello de Poio.

O Sr. Dominguez Lino pregunta por qué non se abordaron anteriormente as infraccións urbanísticas.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que cando empezaron no ano 1995 algunhas non se cobraron, hai insolvencias, cantidades moi pequenas que non se xustificaron e polo tanto non se cobraron.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación.”.

O Sr. Barreiro Lubián explica que se trata de partidas de anos moi atrasados, insolvencias que non se cobraron e o normal é dalos de baixa para que non se incrementen os remanentes. Trátase sinxelamente dun trámite administrativo para limpar o engrose do orzamento.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que se van abster igual que na Comión de Facenda.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), o que supón a maioría absoluta, ningún voto en contra e 7 abstencións (P.P) e que se sigan os trámites legais procedentes.

3062.- URBANISMO, SOLICITUDES DE BONIFICACIÓN NAS COTAS DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS DE DIVERSOS EXPEDIENTES URBANÍSTICOS.- Pola Secretaria procédese a dar lectura do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de novembro de 2007 que di o que segue: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia dos propietarios das edificacións: Expte. nº 489/07 de D^a Dolores Chantada Pérez, expte. nº 491/07 de D^a Pilar Piñeiro Esperón, Expte. nº 492/07 de D. José Luís Penas del Río, Expte. nº 494/07 de D^a Emilia Pérez Abal, Expte. 507/07 de D. Juan García Prado, Expte. nº 523/07 de D^a Peregrina Muñiz Salgueiro, Expte. 525/07 de D. José Benito Castro Abal, Expte. nº 538/07 de D. José Balea Albar, Expte. nº 540/07 de D. Evaristo Cancela Pérez, Expte. nº 541/07 e 403/07 de D^a Carmen Chapela Ucha, Expte. nº 542/07 D^a Pura Chapela Ucha, Expte. nº 544 de D^a M^a Angélica Penas del Río, que se pretenden rehabilitar, dentro da Area de Rehabilitación de Combarro, en virtude do Convenio asinado no seu día co Instituto Galego de Vivenda e Solo prevíndose na Ordenanza reguladora aprobada a tal efecto unha bonificación do ICIO.

Dándose conta igualmente dos correspondentes dictámenes da Comisión Informativa de Urbanismo, polo que se informa favorablemente cada un dos expedientes de rehabilitación en dita area, os acordos correspondentes da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2007, así como do informe da Intervención Municipal de data 9 de novembro de 2007, de que a ordenanza fiscal prevé a concesión dunha modificación individual de ata o 95% nas cotas do imposto sobre construcións, Instalacións e Obras resultantes dos expedientes mencionados debendo o Pleno da Corporación determinar a porcentaxe de bonificación aprobalo por maioría simple.

A Comisión por unanimidade acordou propor ó Pleno a bonificación do 95% da cota do ICIO ás obras cos seguintes expedientes: Expte. nº 489/07 de D^a Dolores Chantada Pérez, expte. nº 491/07 de D^a Pilar Piñeiro Esperón, Expte. nº 492/07 de D. José Luís Penas del Río, Expte. nº 494/07 de D^a Emilia Pérez Abal, Expte. 507/07 de D. Juan García Prado, Expte. nº 523/07 de D^a Peregrina Muñiz Salgueiro, Expte. 525/07 de D. José Benito Castro Abal, Expte. nº 538/07 de D. José Balea Albar, Expte. nº 540/07 de D. Evaristo Cancela Pérez, Expte. nº 541/07 e 403/07 de D^a Carmen Chapela Ucha, Expte. nº 542/07 D^a Pura Chapela Ucha, Expte. nº 544 de D^a M^a Angélica Penas del Río e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar a cada un dos propietarios o 5% do ICIO."

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa este quedou aprobado por unanimidade nos termos indicados no mesmo.

3063.- APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL ANO 2006.- Pola Secretaria procédese a dar lectura do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de novembro de 2007, que di o seguinte: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do expediente no que se pode comprobar que foi exposto a información pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 204 do día 22 de outubro de 2006 polo prazo de 15 días e non presentándose reclamacións á mesma presentase para dictaminar pola Comisión e que se pase ó Pleno do Concello para a súa aprobación definitiva.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu grupo político vai votar en contra cando se trouxo anteriormente e seguimos votando en contra.

Sometido a votación dito asunto obtivéronse 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP, quedando dictaminado favorablemente este asunto, de conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento Orgánico Municipal (publicado no BOP de 4 de xaneiro de 1996) e propor ó Pleno a súa aprobación definitiva e remisión posterior ó Consello de Contas."

O Sr. Domínguez Lino explica que van votar en contra da aprobación da Conta Xeral polos seguintes motivos:

1º.- Un ano máis incumplimos os prazos de presentación da Conta Xeral e que debería ser aprobada antes do 1 de outubro.

2º.- Existencia de diferentes reparos de Intervención destacando que:

- Compra de subministros sin procedementos de contratación.

- Diferentes contratos que carecen de contratación pública e foron obxecto de adxudicación directa.

- Recoñecementos extraxudiciais de facturas.

- Gratificacións por horas extraordinarias a traballadores do Concello, excedendo amplamente do límite legal das 80 horas anuais, durante o ano 2006. Así destacan traballadores que superaron as 1000, 824 e 412 horas extraordinarias. Cando repito que o máximo que a lei establece son 80 horas.

Unha vez máis estes datos deixan en evidencia a necesaria e pedida, durante anos polo Partido Popular, da reorganización dos empregados municipais. Práctica que coa nova concelleira síguese realizando xa que no último reparo de outubro hai 10.818,92 € e pódese comprobar que este ano 2007 hai 20 traballadores que superan as 80 horas legais, algúns sobrepasan as 200, 300 e ata 560 horas.

3º.- Na devandita Conta sufrimos de novo a nefasta planificación do Concello. Con un remanente de Tesourería que se deixou de investir e executar por un importe de 2.260.471 €.

4º.- Unha mala planificación nos ingresos previstos para o ano 2006 como xa o denunciámos cando presentaron os orzamentos. Como por exemplo, no ICIO que se orzamentaban 700.000€ e ao final foron 1.700.000€.

En definitiva, que nas devanditas contas que queren aprobar vólvese a demostrar a súa política caciquil e de amiguismo en persoal e a súa desastrosa política económica, que unicamente busca subir os impostos e en endebedarse cada ano máis, tendo o concello un endebedamento que oscila os 7,2 millóns de €.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que é verdade que levamos un pequeno retraso pero hai que dicir que somos un dos concellos máis adiantados, é máis agora preséntase con un mes de retraso cando antes se presentaba con oito anos de retraso.

Nas contratacións administrativas é moi difícil facer previsións, chegando a darse a situación de quedar desertos os concursos e volveranse a facer para que vostedes vexan o que ocorre.

En canto ás horas extraordinarias son realizadas por aqueles traballadores ou funcionarios que teñen ou demostran unhas determinadas cualidades coa maquinaria; no ano 2006 o PP pedía a realización de máis horas cando foi o das riadas e cando se da un

problema pola tarde e os veciños o demandan temos que responder por iso hai traballadores que teñen que traballar pola tarde.

Repito que se aplica o criterio de prudencia para non ocasionar déficit e nas previsións de ingresos por imposto de construción non se sabe dun ano para o outro as construcións que se van realizar descoñecendo a cantidade e repito, para iso están as modificacións orzamentarias.

Un endebedamento de 7 millóns de euros, é certo, pero a época que o Sr. Domínguez descoñece, se se ingresaban 500 debíanse 800; a situación do Concello non é terrible como podía ser antes.

O Sr. Domínguez Lino di que o PP leva trece anos sen estar no goberno, destacar que o estamos facendo mellor xa que nestas últimas eleccións perderon a maioría absoluta.

Non existe xustificación ningunha para que unha persoa leve 1.000 horas traballadas. Esperemos que se faga unha restructuración do persoal por parte da nova delegada para poder mellorar esta situación que non é nada rentable para o concello ademais coa taxa de paro que existe dentro do noso municipio.

A Sra. Besada Lores reitera que leva 4 meses no goberno e que non leva 12 anos, sorprendéndolle as acusacións vertidas.

Nos orzamentos do ano 2008 estanse adoptando medidas para solucionar esta situación, que mellorou nos meses de setembro e outubro, no que se reduciron as horas extraordinarias e dentro de catro anos poderá recriminarme algo pero até o momento soamente levo catro meses.

O Sr. Barreiro Lubián di que o capítulo de gastos de persoal supón entre un 21 e 25%. Nos 13 anos do BNG supuxo un cambio no panorama económica e na prestación de servizos.

O Sr. Domínguez Lino di que como exemplo, pon a xente que está no Salón do lugar de Andurique aos que lles prometeron que lle ían solucionar os problemas da zona e inundacións que xa levan sete con esta última, e o problema segue ahí.

No ano 1995, é mellor non falar xa que no ano 2003 non conseguimos seis concelleiros pola culpa do Sr. Sobral e agora no 2007 temos 7.

A Sra. Besada Lores contesta dicindo que non se lle pasou o resintimento de non gobernar. Transmitín un compromiso que da Delegada da CPTOPT na que as obras se farían no mes de setembro; os problemas veñen a raíz das xestións da antiga Xunta e agora as obras están adxudicadas a Sercoysa e non se trata dunha obra municipal.

O Sr. Barreiro Lubián di que o tempo pasa e os servizos melloran e aumentan co paso do tempo. Pero non falan das débedas que había no ano 1995 que até se debía a Seguridade Social dos traballadores; pasaron trece anos e a situación cambiou.

O Sr. Domínguez Lino contesta que as taxas subiron de 1000 a 11000 pesetas, Sra. Besada para transmitir compromisos mellor para casa, xa que os políticos están para xestionar.

A Sra. Besada Lores contesta que aos políticos mandaos para a casa os veciños xa que estamos nunha democracia.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), o que supón a maioría absoluta, e 7 votos en contra (PP) e que se sigan os trámites legais procedentes.

3064.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P.: DOTACIÓN DUNHA PISCINA MUNICIPAL.- Pola Sra. Secretaria procédese a dar lectura do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 13 de novembro de 2007, que di o seguinte: "Vista a moción do Grupo Municipal do Partido Popular presentada no Concello o día 6 de novembro de 2007 co núm. 6031 do rexistro de entrada sobre a futura piscina municipal, esta comisión acorda: os membros do Partido Popular, explican ao resto concelleiros a moción presentada.

Contestándolle o concelleiro D. Xulio Barreiro de que se solicitou a costas a autorización para emprazar a mesma no lugar da Seca da parroquia de San Xoán e que aínda non se recibiu contestación de costas.

Coincidindo todos os concelleiros presentes en que a situación idonea para a piscina é en dito lugar da Seca. Esta Comisión acorda que se pase ao vindeiro Pleno desta Corporación local para a súa resolución."

A continuación pola Sra. Ligerio Iglesias dáse lectura da moción presentada na que tras ampla exposición de motivos remata solicitando que por parte do equipo de goberno, se realicen as actuacións oportunas, para a realización do proxecto da piscina municipal, sendo esta unha infraestrutura importante para o noso municipio.

Ademais engade que no momento que desde NNXX do PP de Poio se empezaron a recoller sinaturas para instar á construción dunha Piscina Municipal en Poio, fíxose un pequeno estudo dos novos usuarios deste concello nas piscinas limítrofes.

Naquel momento, as mariscadoras, un sector moi importante en canto ao número de usuarios, estaban utilizando piscinas de Pontevedra e Marín (da Escola Naval), baixo convenios coas distintas confrarías. E nenos dos distintos colexios de Poio tiñan que acudir a instalacións de Pontevedra para practicar natación como actividade extraescolar.

Trátase dunha actividade moi solicitada e saudable e xurdiu a idea da recollida de sinaturas.

Neste momento por dar un exemplo, polo Concello firmouse un convenio cunha empresa de fisioterapia para que as mariscadoras poidan ir a rehabilitación con prezos pechados. Se en Poio, tivésamos o servizo de piscina xa non asinabamos ese convenio.

O Sr. Barreiro Lubián contesta dicindo que o BNG leva meses traballando neste proxecto e está incluído no programa

electoral.

Fai 5 anos, o PP estableceu que non financiaría piscinas naqueles concellos de menos de 20.000 habitantes, xa que a demanda aumentara.

Estivemos estudando a mellor ubicación da piscina, chegándose a conclusión que polas súas infraestruturas a mellor ubicación é a zona da Seca pero trátase dunha concesión de costas co que hai que solicitar unha autorización a cal xa foi remitida e agora estamos esperando a que nos contesten, xunto coa solicitude entregamos un anteproxecto.

Destacar que é a segunda vez que o PP presenta unha moción en relación coa construción dunha piscina, por moitas que se entreguen non vai influir para que se aproben. Cando os proxectos están en marcha van vostedes e presentan unha moción ao igual que pasou coa solicitude de dotación de herba sintética ao campo de fútbol da Seca e o único que fai a súa intervención e retrasar as cousas.

O Sr. Pazos Barros explica que se trata dunha moción oportunista presentada cando os proxectos xa están en marcha. Destacar que o Concello plantexa facer a piscina dentro desta lexislatura, sendo a ubicación máis idónea a Seca. En canto a recollida de sinaturas destacar que quedou un pouco escasa xa que en Poio somos case 16.000 habitantes e a listaxe de sinaturas ascende a 100.

A Sra. Besada Lores explica que a construción dunha piscina é necesaria para o noso Concello. Estamos pendentes da contestación de costas para ubicala na Seca, onde pensamos que é o lugar idóneo, é mellor esperar por unha contestación e logo chegar a un consenso.

A Sra. Ligerio Iglesias manifesta que hai un ano que se empezou coa campaña de "piscina municipal xa" e pide que se lles enseñe o anteproxecto que se remitiu a Costas e o escrito coa data de entrada no rexistro.

Sometido a votación a aprobación da moción presentada polo PP sobre a dotación dunha piscina municipal dentro do termo municipal de Poio esta quedou denegada con 7 votos a favor (7 PP) e 10 votos en contra (7 BNG e 3 PP).

3065.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P.: PROXECTO SEGURIDADE VIAL PO-308.- Antes de comezar a deliberación deste asunto trátase o procedemento a seguir neste punto xa que o BNG e o PSOE, presentan unha emenda á moción que sobre a PO 308 presentou o PP.

Existindo discrepancias entre os dintintos membros da corporación.

A Secretaria da Corporación explica que o procedemento sería ler o ditame emitido pola Comisión de Urbanismo, moción presentada e a emenda, someter a emenda a votación e se resulta aprobada incorporase á moción. Pero que de todas as maneiras desde

a Secretaría emitirase informe xurídico do procedemento a seguir e que se adapte á legalidade.

A Continuación, pola Secretaria dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na sesión realizada o 20 de novembro de 2007 e que di o seguinte: "Previa declaración de urxencia, adoptada por unanimidade dos asistentes e previa lectura da moción de referencia, presentada polo Partido Popular na data 15 de novembro de 2007 co núm. 6238, esta Comisión acorda que se pase a moción ó Pleno desta Corporación para a súa resolución previa xuntanza dos voceiros dos partidos políticos."

O Sr. Domínguez Lino di que en primeiro lugar deixar claro que o PP leva reclamando desde fai tempo un proxecto de mellora da seguridade vial ao longo da PO-308, no seu traxecto desde Poio a Sanxenxo.

Pero repito proxectos de "mellora de seguridade vial". En novembro de 2004 presentamos ante o Pleno unha moción para que o Concello nos orzamentos do ano seguinte destinase partidas para o establecemento dun convenio coa CPTOPT para a construción de beirarrúas como as que se fixeron desde Sanxenxo até a Granxa. Para dita sinatura do convenio, que a Xunta estaba disposta a facer, pero puidemos comprobar na reunión que se mantivo naquelas datas co Director Xeral de Estradas, Sr. Hernández, á que asistimos os catro voceiros dos grupos políticos, ademais do Alcalde e do Presidente e Vicepresidente do Consello de Participación Veciñal e onde se explicou claramente a disposición da Xunta de Galicia na mesma liña que se fixera co Concello de Sanxenxo e que consistía en que o Concello tiña que realizar o proxecto dos tramos das beirarrúas, cousa, por certo moi lóxica, xa que quen mellor que o propio Concello que sabe as carencias e deficiencias dos tramos a realizar, tiñamos que poñer terreos a disposición da Consellería, coa negociación e xestión polo Concello deses terreos. Terreos que por certo a día de hoxe os veciños están dispostos a ceder so nunha actuación coherente e lineal. E a aportación polo Concello do 10-20% do coste do proxecto.

Esta moción que se presentou polo PP foi rechazada polo BNG e o PSOE, argumentando sobre todo o BNG que o PP de Poio a través das súas iniciativas intenta que o Concello, e polo tanto os seus veciños asuman compromisos que non lle corresponden co fin de liberar á Xunta da xestión e do financiamento que os mesmos supoñen.

A fin de protexer á Xunta fronte ao Concello, etc, etc. É dicir que coa cabezonería do BNG e do PSOE quedámonos sen construción.

Con respecto ao mal chamado proxecto de mellora de seguridade vial na PO-308 PK 4,2 ao 7,6, queremos comentar o seguinte:

Desde marzo de 2007, por medio de distintos rogos e

mocións, o PP estivo pedindo ao Concello e á Consellería de Política Territorial unha copia do proxecto. Como xa denunciámos no seu día había un ocultismo do devandito proxecto, tanto da Xunta como do Concello por temor ás eleccións municipais e que puidese prexudicar a ambos partidos BNG e PSOE. Este feito confirmouse pola propia Delegada da CPTOPT aos propios veciños que decía que o proxecto escondeuse no periodo electoral por temor ás manifestacións dos veciños. Proxecto que quero recordar que se aprobou por decreto e urxencia o 14 de decembro do 2006 (decreto 249/2006).

A finais de marzo do 2007 o PP convocou debido ao ocultismo do concello e da xunta, unha reunión cos afectados do devandito proxecto para informarlles das intencións.

Desde o primeiro momento por medio dunha moción do 27 de marzo de 2007 (moción por certo rexeitada polo BNG e PSOE). Xa o PP pedía a revisión do proxecto de mellora da seguridade vial xa que víamos claramente que había expropiacións excesivas que non se contemplaban a substitución da rede de saneamento e de auga (o proxecto incide neste punto que se pediu información ao Concello e non se recibiu contestación ningunha) non se informara aos veciños e non se solucionaban os puntos negros da devandita estrada.

Recolléronse máis de 100 sinaturas de afectados/as con devanditas peticións, sinaturas que con data 13 de abril se remitiron tanto á Xunta como ao Concello.

A nosa sorpresa chega no mes de novembro, cando en pleno contencioso presentado pola Asociación de afectados volve a reactivar o proxecto, proxecto denominado chapuza por este grupo político e vouno explicar a continuación:

Proxecto chapuza, xa que como o Sr. Sobral recoñece en xaneiro do 2007 despois do accidente do cruce de Chancelas ou coñecida como curva de Areses. A curva é un dos tramos máis perigosos da PO-308. queremos recordar que ao longo de dita curva nos últimos anos faleceron 6 persoas e producíronse varios accidentes.

Pois resulta que este proxecto chapuza mal chamado proxecto de mellora da seguridade vial non contempla ningunha actuación nos dous puntos negros ou TACS da PO-308 e onde repito que nos últimos anos deixaron a vida 6 persoas. Incluso a perigosidade da curva comprobouna IN SITU a nosa flamante vicealcaldesa que o outro día vía como se producía un accidente.

Polo tanto Sr. Sobral, Sra. Besada proxecto de seguridade vial nada de nada. Chapuza completa.

Non podemos apoiar desde o PP un proxecto onde se van a construír beirarrúas e non esté contemplado a construción dunha rede de saneamento que en pleno século XXI e en plena PO-308 moitas casas aún non a teñen. Como se pode ver nas fotos de hoxe mesmo á mañán desde o PP non podemos apoiar un proxecto que nos deixa unha vez máis olvidado o lixo na estrada e que se vai

directamente á ría de Pontevedra co consentimento do BNG e PSOE.

Non podemos apoiar un proxecto que non é lineal na súa execución e expropiacións. Non é posible que según de quen se trate o proxecto vaia facendo zigzag en vez de ser uniforme.

Estase a xogar con esta chapuza co pan de moitas familias de Poio, co patrimonio de moitas familias e moitas herdaronno do seu antepasado e a outros que lles custou moito suor e vagoas conseguilo. En definitiva, con esta chapuza estase a poñer en perigo moitos postos de traballo en Poio. Non podemos apoiar un proxecto que tivo unhas modificacións para uns determinados señores e para a maioría dos veciños non se tocou. A lei é para todos iguais, todos temos os mesmos dereitos e as mesmas obrigas e polo tanto non podemos apoiar estas discriminacións que se ven reflectidas neste proxecto.

Polo tanto, desde o PP, pedimos unha vez máis o rexeite de esta desigualdade e que se proxecte un novo proxecto de mellora da seguridade vial e contemple actuacións que levamos demandando fai tempo.

Sres. Gobernantes é a hora de gobernar xa non valen sorrisos, fotos, abrazos e negociar eficazmente e eficientemente. Se son responsables e coherentes ningún concelleiro desta Corporación, independentemente do PP que represente pode apoiar un proxecto tan irracional, inxusto e que non beneficia nada ao noso municipio. É unha cabezonería que non ten nin pes nin cabeza e que máis de 500 veciños o pasado domingo lle demostraron ao Sr. Sobral e a Sra. Besada.

É o momento de demostrar que estamos cos veciños que non vimos a defender posturas partidistas nin de partido e que fomos elixidos democráticamente para defender os seus intereses.

En definitiva, Sr. Sobral- Sra. Besada é dicir, BNG-PSOE, PSOE-BNG, teñen a última oportunidade para demostrar que están con esta xente que levan pechados máis de sete días, xente que deixou a súa familia, que abandoou o seu traballo soamente para defender o que cren que é xusto e rexeitar un proxecto que é unha verdadeira chapuza.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que en todo o mitin do Sr. Domínguez (ao que xa nos ten acostumado) estivo a falar dun proxecto de seguridade vial que é distinto dun proxecto de urbanización.

Un proxecto de seguridade vial non establece onde se executa senón que esa tarefa correspóndelle a tráfico, e os informes, ditaminarán onde se debe actuar e os técnicos e expertos poñen de manifesto como se deben solucionar eses puntos negros, trátase dun criterio fundado. A diferenza dun proxecto de urbanización, que soluciona os problemas como o do saneamento ou abastecemento de auga, un proxecto de seguridade vial intenta solucionar os problemas de circulación e son financiados ao 100% pola Consellería, cousa que non pasa cos proxectos de urbanización no que ten participar no seu financiamento o

Concello, o que non se pode facer é que a través dun proxecto de seguridade vial se financien obras de urbanización nin se pode votar abaixo un proxecto porque algúns veciños non están de acordo.

Pedíronse informes de porque non se actuaba na curva de Areses sendo a resposta obtida que nese tramo o mellor é actuar mediante un proxecto de urbanización o cal suporía a expropiación de vivendas porque habería que realizar un cambio de trazado. En todo caso, dicir que en Poio, non fai moito realizáronse expropiacións de maior embergadura, non hai moito tempo, e a consecuencia desas expropiacións temos a día de hoxe unha maior comunicación co Concello de Pontevedra.

O proxecto non se pode calificar de chapuza, é moi fácil dicir que se deben facer cousas, non actuamos por instinto senón por interese xeral, pero o que é o máis importante é que esa estrada non pode seguir así.

A Sra. Besada Lores explica varios aspectos:

O proxecto retirouse antes das eleccións porque podería resultar electoralista.

Non contempla o saneamento nin o abastecemento xa que eses aspectos serían a tratar mediante un proxecto de urbanización financiado pola Consellería de Medio Ambiente.

Din que non se actúa na Curva de Areses pero non comentan que o cruce do Pereiro tamén se trata dun punto negro onde houbo demasiados accidentes nestes últimos anos, soamente contemplan o que vostede quere.

Fai dous anos que deixaron o goberno, e a depuradora tiña que estar feita para deixar de votar residuos ao río e agora o BNG e o PSOE coa construción da mesma intentan que isto deixe de suceder.

Con este proxecto, entendemos que van ocorrer menos accidentes sendo bo evitar calquera accidente que se poida producir, temos que estar a favor da mellora da estrada a súa altura co cruce do Pereiro, onde houbo moitos accidentes por iso, entendemos que debemos votar a favor deste proxecto.

O Sr. Domínguez Lino mostra un plano onde se reflexan os tramos, tratándose as veces de tramos non lineais senón en zigzag. Un proxecto de seguridade vial e as actuacións viais nos TCA deben cumprir as seguintes condicións: que a siniestralidade esté claramente relacionada coas necesidades e condicións das vías. Non se actúa en lugares porque hai terreos que afectan a casas de xefas de expropiación ou algunha concelleira.

Volvo a repetir e comparo coa situación de Sanxenxo onde se fixeron beirarrúas sen expropiacións. Pedimos proxectos que supoñan expropiacións iguais, xa que todos temos os mesmos dereitos. Levamos dous anos e este proxecto é unha auténtica chapuza xa que non elimina os puntos negros e TCA.

Os veciños están dispostos a ceder pero de igual maneira para todos, xa que a curva máis perigosa non se toca.

O Sr. Alcalde di que aceptan a foto, onde se mostran a banda de aparcadoiro e beirarrúas, pero onde sexa posible e que non afecte a vivendas sempre seguindo ese criterio.

Despois de anos esperando, resolver a problemática entre a curva do Pereiro ata Cela é bo. Os servizos vanse facer, estase a dotar a Poio de grandes servizos co pode ser R e Gas Galicia, e que cada vez están avanzando máis.

Estamos de acordo que na curva de Areses producíronse accidentes pero tamén os houbo en distintos puntos como poden ser Covelo, Samieira, Pereiro, pero actuar na curva de Areses conleva expropiacións.

Nos solicitamos e intentamos consensuar un novo proxecto que vai en dirección de emenda.

Trátase dun proxecto lineal coa excepcións das actuacións cando hai parada de autobús e para facer fronte á foto é necesidade facer expropiacións.

O Sr. Domínguez Lino di que por respecto, aos veciños que están presentes pedir os mesmos dereitos para todos, están de acordo pero seguindo o mesmo criterio que se seguiu para Sanxenxo.

Nuñez Feijoo na súa última etapa, realizou a capa de rodaxe dentro de todo o municipio, no que se investiron máis de 800.000 €.

Nos preguntamos porque existen diferencias entre este proxecto e o inicial, que vostedes agacharon pola cercanía das eleccións.

Pedimos un novo proxecto e rexeitar o existente, xa que para nos e para os veciños trátase dun proxecto chapuza se non se contemplan os puntos negros e o TCA; os veciños están dispostos a ceder pero para todos igual, por iso pedimos que nos apoiem nesta moción e se solicite a elaboración dun novo proxecto.

O Sr. Alcalde contesta que cando se puxo a capa de rodaxe na PO-308, o Sr. Nuñez Feijoo quería que o asfaltado parase no alto da Graxa e grazas ás mobilizacións dos veciños conseguíuse que se extendera a Pontevedra. Non sei que criterio seguiron en Areas (Vichona) e noutros casos similares.

O Sr. Barreiro Lubián di que está propoñendo que se deixe se realizar un proxecto pero nos estamos pedindo que se mellore. Non sei se trata dun problema de xestión ou de cor político pero agora este proxecto é unha realidade, cousa que non pasou en 12 anos.

O proxecto é mellor que nada e haberá que completalo, e hai que realizar afeccións sempre que se realice un proxecto de estas características.

O Sr. Domínguez Lino tamén houbo unha manifestación en contra do proxecto, tamén houbo mobilizacións e en canto ao descoñecemento que manifesta sobre as actuacións doutros concellos é mellor que se entere xa que aos outros vaille ben.

Sometida á votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PP, sobre o rexeitamento do proxecto actual de actuacións na PO-308 e solicitude de elaboración dun novo proxecto, esta quedou denegada con 7 votos a favor (7 PP) e 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE).

Sometida a votación a emenda á moción presentada polo BNG e PSOE, esta quedou aprobada con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 7 votos a favor (7 PP), da seguinte maneira:

-Instar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte para que elabore un proxecto de urbanización da PO-308 que actue no tramo comprendido entre a Serpe e Chancelas dotandoa de beirarrúas e servizos, complementando o actual proxecto de seguridade vial.

- Solicitar da CPTOPT que as actuacións comprendidas no parágrafo primeiro se trasladen ao resto da PO-308 até complementar a súa urbanización.

- Que se contemplan nesas actuacións a renovación das infraestruturas existentes de saneamento e rede de abastecemento de auga.

3066.- URBANISMO, ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO AVANCE DO NOVO P.X.O.M. DE PONTEVEDRA E DA DIÁGNOSE E PS OBXECTIVOS DE SUSTENTABILIDADE DA AXENDA LOCAL 21.- Pola Sra. Secretaria procédese a dar lectura do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 20 de novembro de 2007, que di o seguinte: "Previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que di textualmente: Visto o anuncio publicado polo Concello de Pontevedra, no D.O.G. de 10 de outubro de 2007, sometendo a información pública o avance do Plan Xeral, para que poidan presentarse suxerencias durante o prazo de dous meses, unha vez examinado o avance (do que se xunta o correspondente CD) teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO: Que segundo pode apreciarse no plano que se xunta do avance sometido a información pública, dedúcese claramente que o Concello de Pontevedra introdúcese no termo municipal de Poio, estendendo a súa planificación ó ámbito ocupado actualmente polo edificio da Comandancia da Garda Civil, terreos anexos adxacentes, Parque de Bombeiros e a zona de a Xunqueira de O Bao ata a ponte das Corrientes, polo que debe o Concello presentar a correspondente suxerencia solicitando do Concello de Pontevedra que exclua do seu Plan Xeral as zona indicadas.

SEGUNDO: A tal efecto xúntase copia da sentenza núm. 858, de 8 de outubro de 1993 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que resolvendo o recurso contencioso-administrativo núm. 122/91, terminou co seguinte fallo:

"Que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Poio, contra a

desestimación presunta do recurso de reposición deducido contra Orden da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia de 18 de decembro de 1989, polo que se aproba definitivamente o Proxecto de Revisión e Adaptación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra; anulamos dita resolución por ser contraria a Dereito no extremo relativo a planificación das zonas de Gamosa, Recuperación e Xunqueira do Vao”

A sentenza indicada, que quedou firme e definitiva, foi executada por Resolución de 7 de marzo de 2000, publicada no D.O.G. de 28 de marzo de 2000, da Secretaria Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, dándose a debida publicidade á sentenza que anulou o Plan Xeral de Pontevedra nas zonas indicadas, polo que o Concello de Pontevedra debe respectar dita sentenza (xúntase copia do D.O.G. de 28 de marzo de 2000).

TERCEIRO: Igualmente xúntase copia da sentenza núm. 927, de 21 de decembro de 1995, recaída no recurso núm. 02/0004910/1993, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaía con motivo da solicitude do Concello de Poio dirixida á Consellería de Presidencia e Administración Pública, para que se confirmara a liña de deslinde dos dous termos municipais, fixada o 19 de novembro de 1989 e sobre anulación de ordes, resolucións ou acordos posteriores sobre o particular, emitidos sen aprobación do Concello de Poio; terminando dita sentenza anulando a denegación presunta da Xunta de non aceptar a obriga de resolver, traer os trámites que corresponden a cuestión de deslinde referida entre ambos termos. (xuntándose copia deste sentenza).

CUARTO: De conformidade coa primeira sentenza indicada, pola que o Tribunal recoñeceu que o termo municipal de Poio chegaba eta o río Alba e ponte das Corrientes, ao aprobarse o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, por acordo plenario de 28 de xullo de 2000, incluíuse toda esta zona dentro do termo municipal de Poio e do Plan Xeral de Poio, non impugnando o mesmo o Concello de Pontevedra.

Por todo iso, considera o informante que pode e debe o Pleno do Concello de Poio adoptar o correspondente acordo, facultando o Sr. Alcalde para presentar no Concello de Pontevedra a correspondente suxerencia de que se rectifique o avance exposto a información pública, así como o Plan Xeral que se aprobe excluindo do mesmo todas as zonas indicadas de Gamasa, Recuperación e Xunqueira do Vao, en execución da sentenza indicada, ata o río Alba e a ponte das Corrientes.”

Esta Comisión acorda: Adherirse a dito informe e que se pase ó vindeiro Pleno desta Corporación”:

Dándose igualmente conta do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello con data 22 de novembro de 2007 no

que presta conformidade co contido do informe do Asesor Xurídico incorporado ao expediente.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo este quedou aprobado por unanimidade e facultar ao Sr. Alcalde para presentar no Concello de Pontevedra a correspondente suxerencia de que se rectifique o avance exposto a información pública, así como o Plan Xeral que se aprobe excluindo do mesmo todas as zonas indicadas de Gamasa, Recuperación e Xunqueira do Vao, en execución da sentenza indicada, ata o río Alba e a ponte das Corrientes.

3067.- URBANISMO, CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN, DE COOPERACIÓN A COMPENSACIÓN, NO POLÍGONO 1 DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO NO BAO, DE MARÍA PIÑEIRO COCHÓN E OUTROS.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 20 de novembro de 2007 que di o seguinte: "Previa lectura do informe emitido pola Arquitecto Municipal, que di textualmente:

"En relación ó expediente de solicitude de cambio de sistema de xestión do Polígono 1 de solo urbano non consolidado do PXOM de cooperación a compensación e examinada a documentación presentada polos solicitantes en resposta ó acordo 3885 da Xunta de goberno local de 16/04/2007, esta técnico emite o seguinte INFORME: A documentación que se xunta son planos de identificación e deslinde dos terreos propiedade dos interesados, asinados polo enxeñeiro técnico agrícola César Santiago Esperón, sen visar polo colexio oficial correspondente.

Segundo os planos, a relación de propietarios e as superficies que lle corresponden dentro do ámbito do polígono 1 de solo urbano non consolidado (SUNC) do PXOM son os seguintes:

Elvira y Juan José Beloso Poza	683,00m ²
Elvira y Juan José Beloso Poza	77,00m ²
María Piñeiro Cochón	455,54m ²
María Piñeiro Cochón	152,74m ²
José Reguera Varela	630,50m ²
Dolores Vidal López	275,00m ²
Paulino Peón Torres	137,00m ²
Carmen Esperón Sertal	56,00m ²
Carmen Esperón Sertal	1228,00m ²
Carmen Esperón Sertal	222,23m ²
Rosa María Méndez Vila	576,00m ²
José y Josefina Gándara Rodríguez	1145,00m ²
M ^a Carmen y M ^a Preciosa Gándara Rodríguez	1359,00m ²
Manuel, M ^a Carmen y M ^a Preciosa Gándara Rodríguez	186,00m ²
Faustino Vidal Míguez	419,00 m ²
Rosa Rey Amoedo	149,00 m ²
Josefa Moldes Martínez	1738,00 m ²

A superficie total identificada é de 9489,01 m².

A distribución dos terreos sinalase no plano resumen adxunto.

Tendo en conta que a superficie estimada na ficha do polígono 1 de SUNC é de 23447 m², os terreos identificados supoñen o 40,47% da superficie estimada do polígono. "

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente: "Visto o expediente tramitado e o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola 15/2004 de 29 de decembro, ase como o disposto na lei 6/2007 de 11 de maio de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia e o disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO.- O expediente iniciouse por escrito de 12 de marzo de 2007, presentado no Servizo de Correos o día 21 de marzo de 2007 e que tivo entrada no Rexistro do Concello de Poio o 23 de marzo de 2007, por dona María Piñeiro Cochón e varios mais, solicitando que se aprobe polo Concello de Poio a modificación do sistema de actuación, de cooperación que figura no Plan Xeral para execución do Polígono 1 do Solo Urbano Non Consolidado, polo sistema de compensación.

O expediente xa foi informado por esta asesoría o día 2 de abril de 2007, propoñendo que se concedera ós interesados o prazo de tres meses para aportar determinada documentación en relación co Polígono; acordándose pola Xunta de Goberno Local de 16 de abril de 2007, previo dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, prestar conformidade a dito informe e que se trasladara ós interesados para que dean cumprimento ó mesmo, notificándose dito acordo a Dna. María Piñeiro Cochón o 25 de abril de 2007 a través do Servizo de Correos.

SEGUNDO.- O 30 de xullo de 2007, ten entrada no Concello un novo escrito asinado por Dna. María Piñeiro Cochón, no que manifesta que adxunta á documentación requirida en relación coa solicitude sobre a modificación do sistema de actuación previsto para a execución do Polígono 1, no Solo Urbano Non Consolidado do Concello de Poio.

TERCEIRO.- O 1 de outubro de 2007 a Arquitecto Municipal emite informe sobre a documentación e planos presentados polos interesados, asinados polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Cesar Santiago Esperón sen visar polo Colexio Oficial correspondente; ascendendo a superficie total identificada nos planos aportados a 9.489,01 m² e reflectíndose tódolos terreos no plano resumen que xunta a técnica municipal.

Terminando a mesma o seu informe indicando que, tendo en conta que a superficie estimada na ficha do Polígono 1 de SUNC é de 23.447,00m², os terreos identificados supoñen o 40,47% da superficie estimada do polígono.

CUARTO.-Examinados os planos do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Poio, púidose comprobar (segundo copia do plano que se xunta) que o Polígono 1, de Solo Urbano Non

Consolidado, esta incluído en gran parte na zona de cincocentos metros a que se refire a lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia de 16 de maio de 2007 e que entrou en vigor o 17 de maio de 2007.

A tal efecto reseñanse os preceptos desta lei que poden afectar ó expediente solicitado de cambio de sistema de actuación:

No preámbulo de dita lei dise o seguinte:

"Por outro lado, a necesaria protección dos intereses autonómicos ínsitos na franxa do litoral de 500 metros demanda, como xa establecera a Disposición Transitoria Oitava da lei 9/2002, elaborar un plan de ordenación do litoral no que se recollan as condicións específicas deste ámbito territorial.

Con esta finalidade esta lei regula a suspensión da tramitación e da aprobación dos plans de ordenación e dos instrumentos de xestión que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 m. desde o límite interior da ribeira do mar."

O artigo 3 regula a suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral:

"1.- Suspendese a tramitación e aprobación dos Plans Especiais de REforma Interior, Plans Parciais, Plans de Sectorización e instrumentos de equidistribución que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 m. medidos en proxección horizontal terra adentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios que se relacionan no anexo (entre os cales figura o Concello de Poio).

2.- Esta suspensión será aplicable nas seguintes clases de solo:

A) En tódolos municipios costeiros nos terreos clasificados como terreo urbanizable, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico.

B) Nos municipios costeiros con poboación inferior a 50.000 habitantes nos terreos clasificados como solo urbano que, no momento de entrada en vigor desta lei, non reúnan os requisitos establecidos nos artigos 11 e 12.a) en relación co artigo 16.1 da lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e, en todo caso, nos incluídos en polígonos, unidades de actuación, ou de execución"

Artigo 4.- Alcance da suspensión.

"1.- As medidas de suspensión ás que se refire o artigo 3 desta lei serán aplicables nos municipios con planeamento xeral non adaptado á lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, durante o prazo de dous anos que se contarán desde a entrada en vigor desta lei, ou ata a aprobación do Plan de Ordenación do Litoral ou do Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado integramente á lei 9/2002, de 30 de decembro."

"2.- A suspensión abrangue tódolos Plans Especiais de Reforma Interior, Plans Parciais e Plans de Sectorización que no momento de entrada en vigor desta lei non estean aprobados definitivamente.

Ase mesmo, a suspensión abrangue tódolos os instrumentos de equidistribución do planeamento urbanístico respecto dos que, no momento de entrada en vigor desta lei, transcorrese o prazo establecido no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada para a súa aprobación definitiva ou xa transcorresen tres anos desde a aprobación do antedito plan que se executa."

Dos preceptos legais citados dedúcese claramente que a nova lei 6/2007 é aplicable a este polígono, non podendo tramitarse nin a modificación nin a aprobación do instrumento de equidistribución previsto para dito polígono, por afectarlle en parte a suspensión prevista na lei para o instrumento de equidistribución previsto en dito polígono, procedendo a interrupción do procedemento de cambio de sistema solicitado polos interesados.

Non obstante, como a suspensión afecta soamente a parte do polígono, sería procedente que a Corporación solicitada informe previo da Dirección Xeral de Urbanismo sobre si procede ou non a aplicación desta lei a este expediente.

QUINTO.- En canto á competencia para aprobar este expediente, corresponde ó Pleno, en base ós seguintes preceptos legais:

A).- O artigo 55.1 da lei 9/2002, (modificada pola lei 15/2004), regula as determinacións do Plan Xeral en Solo Urbano Non Consolidado:

"1.- No Solo Urbano Non Consolidado, cando o Plan Xeral conteña a súa ordenación detallada, incluírá, ademais das determinacións establecidas no artigo anterior a delimitación dos polígonos necesarios para a execución do Plan e a determinación do sistema de actuación de cada polígono"

B)O artigo 93 da mesma lei 9/2002, modificada pola lei 15/2004, establece o seguinte en canto á alteración do planeamento:

1.- A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúan.

3.- Nos demais supostos, a alteración das determinacións do Plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios illados na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos.

4.- As modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente, non precisaran obter o informe previo a aprobación inicial á que fai referencia o artigo 85.1

destas lei.”

Considera o informante, que este último apartado non é aplicable, de momento, neste expediente, xa que non pode iniciarse o expediente de modificación do Plan (para o cambio de sistema de cooperación á compensación, solicitado polos interesados), por afectarlle a suspensión da lei 6/2007.

C) O artigo 47.2 ll, da lei 7/85, de 2 de abril, reguladoras das Bases de Réxime Local, esixe o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos nas seguintes materias:

“Os acordos que corresponda adoptar á Corporación na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.”

Por todo iso, considera o informante que, previo informe, da Intervención e Secretaría, e dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, pode propoñerse ó Pleno do Concello que adopte o acordo de solicitar da C.P.T.O.P.T. (Dirección Xeral de Urbanismo) que informe sobre a procedencia de interrompe-lo procedemento solicitado polos interesados neste expediente, de cambio do sistema de actuación previsto no Plan Xeral para o Polígono 1 de Solo Urbano Non Consolidado, de cooperación ó de compensación, por estar parte do Polígono incluído dentro dos 500 metros e afectarlle a suspensión prevista na lei 6/2007, de 11 de maio. ”

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral que dí textualmente:

“Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente á Subescala de Secretaría-Intervención e Subescala de Secretaría, categoría de entrada, Secretaria do Concello de Poio (Pontevedra), de conformidade co establecido nos artigos 195.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 3.c) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, do réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

1. Antecedentes de feito.

- Con data 21 de marzo de 2007 presentase no Servizo de correos solicitude de 12 de marzo de 2007 de diversos propietarios de terreos incluídos no polígono nº 1 do solo urbano non-consolidado do PXOM de Poio polo que instan un cambio no sistema de actuación previsto no instrumento de planeamento xeral de cooperación a compensación.

- Sometido á consideración de Xunta de Goberno Local en sesión oridanria de 16 de abril de 2007, dito órgano colegiado acorda requerir aos propietarios interesados e peticionarios para que subsanen diversas deficiencias de

carácter formal e documental entre as que se atopa a presentación de planos topográficos, de información e emprazamento visados polo colexio oficial correspondente.

- Constan no expediente informes emitidos pola arquitecta de 1 de outubro de 2007 e do asesor de 2 de abril e de 13 de novembro de 2007, no que se poñen de manifesto distintos extremos de especial consideración:

- A superficie total do polígono é de 23.447 m² e a que representan os peticionarios cuantifícase pola arquitecta en 9489,01m².

- Os planos presentados polos interesados tras o requerimento notificado o 25 de abril de 2007 non foron obxecto de visado polo colexio oficial que corresponda.

- Non se realiza pola arquitecta unha delimitación da superficie do polígono n^o 1 afectada pola franxa de 500 m á que se refire a Lei 6/2007, do 21 de maio de medidas urgentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral de Galicia.

- Non existe pronunciamento da arquitecta sobre a procedencia dende o punto de vista técnico do cambio solicitado.

- Non existe pronunciamento sobre a obriga de que o cambio proposto deba recollerse nun Plan Especial de Reforma Interior de iniciativa particular e o seu sometemento ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, de avaliación ambiental, en canto o Plan non realice unha regulación pormenorizada desta clase de solo recollendo tan solo aspectos de necesaria constancia en atención os artigos 53 e seguintes PXOM.

- A Secretaria recibe o expediente para informe o mércores día 14 de novembro de 2007 para incluír na vindeira Comisión Municipal de Urbanismo a celebrar o 20 de novembro de 2007.

2º. Consideracións xurídicas

Primeira.- Posibilidade de cambio

Segundo consta no expediente e queda acreditado nos antecedentes de feito do presente informe, mediante escrito presentado o 21 de marzo de 2007 con entrada no rexistro xeral do concello con data 23 de marzo de 2007, n^o 1646, solicítase por parte de diversos propietarios de terreos incluídos no delimitado coma polígono 1 do solo urbano non consolidado do PXOM de Poio o cambio do sistema de actuación fixado no mesmo, sistema de cooperación, polo distinto sistema de actuación.

Por tanto a primeira das cuestións ou consideracións a realizar ten que partir do estudo da conformidade ou adaptación da petición plantexada coa normativa aplicable.

O artigo 127.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

(LOTPMRG en adelante) establece:

“A determinación do sistema de actuación deberá incluírse obrigatoriamente nos instrumentos de planeamento que conteñan a ordenación detallada do solo urbano non-consolidado e do solo urbanizable. A modificación do sistema e actuación poderá ser aprobada polo municipio, de oficio ou a instancia dos particulares interesados, logo da información pública por prazo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e con notificación individualizada ós propietarios afectados”.

Desta forma a Lei admite expresamente tal posibilidade e marca as pautas que haberá que seguir procedimentalmente tal e coma se expón polo miúdo.

Non se menciona nada no informe técnico emitido pola arquitecta contratada pola corporación de data 1 de outubro de 2007 sobre si o Plan xeral do concello realiza ou non dita ordenación detallada do suelo urbano non-consolidado.

O PXOM de Poio no apartado “XUSTIFICACIÓN” incorporada na ficha do polígono 1 sinala expresamente:

“Trátase de completa-la trama urbana de A Caeira organizando a multiplicación de accesos así coma ordenar adecuadamente a zona marginal de O Bao e dotar de zonas verdes e espazos libres de dominio e uso público o ámbito, separando as edificacións do viario de conexión da estrada C-550 coa estrada de Campañó”.

Non se precisa nos informes referidos nin se recolle pronunciamento algún sobre a necesariedade da presentación polos particulares dun Plan Especial de Reforma Interior áos que se refire xunto con outros instrumentos incluídos dentro do planeamento de desenvolvemento, os artigos 62 e seguintes LOTPMRG tendo en conta que dito Plan deberá seguir a tramitación marcada pola Lei 6/2009, do 28 de abril sobre avaliación dos efectos de determinados planes e programas sobre o medio ambiente.

Segundo.- Requisitos a cumprir polos propietarios afectados.

A salvo a mención transcrita e os supostos de incumprimento de prazos ou etapas nos supostos de xestión indirecta, a Lei 9/2002, do 30 de decembro, non sinala norma algunha máis en relación cos procedementos de modificación dos sistemas de actuación.

Admitida expresamente a posibilidade de que o cambio do sistema de actuación poda ser solicitado polos particulares interesados, é preciso verificar os requisitos que debe cumprir a petición que se presenten con tal finalidade.

O primeiro deles, afecta á parte proporcional ou superficie representada a través da solicitude materializada no escrito de 21 de marzo de 2007.

O informe técnico emitido o 1 de outubro sinana ó

particular: "...A superficie total identificada é de 9489,01 m2.

A distribución dos terreos sinálase no plano resumo adxunto.

Tendo en conta que a superficie estimada na ficha do polígono 1 de SUNC é de 23447m2, os terreos identificados supoñen o 40,47 % da superficie estimada do polígono"

A única referencia expresa contéplase no artigo 155.1º LOTPMRG:

"Cando o sistema de compensación veña establecido no planeamento para un determinado polígono, a súa efectiva aplicación requerirá que os propietarios presenten o proxecto de estatutos e de bases de actuación, e que no momento de aprobación definitiva daqueles superen o 50% da superficie do polígono..."

A xuízo desta funcionaria non se aclara suficientemente nin na normativa citada nin nos informes técnicos e xurídicos incorporados ao expediente se a porcentaxe mínima á que se refire dito artigo debe ser apreciada desde o primeiro momento no que se solicita o cambio ou cabe demorar a acreditación de dita porcentaxe a unha vez. aprobada a modificación do Plan, preséntense o proxecto de estatutos e bases de actuación.

O artigo 156.1º LOTPMRG baixo a denominación "incorporación de propietarios á xunta de compensación" establece:

"Os propietarios do polígono que non solicitanse o sistema poderán incorporarse con igualdade de dereitos e obrigacións á xunta de compensación, se non o fixeran nun momento anterior, dentro do prazo dun mes, a partir da notificación de acordo dos estatutos e base de actuación..."

Cabe interpretar que dita documentación poda ser presentada por propietarios que non alcancen dita porcentaxe, sempre e cando e na medida en que a propia Lei prevé que dita incorporación poda ser realizada en calquera momento anterior ó transcurso dun mes dende a notificación do acordo definitivo de bases e estatutos, e polo tanto aínda representando tan so o 40,47% da superficie do polígono poda ser garantizado o 50 por cento pola adhesión do resto dos particulares afectados necesarios antes da aprobación definitiva, isto é, durante o procedemento de información pública regulado no artigo 155.2º LOTPMRG.

Sin embargo a interpretación máis conforme a dita normativa, e os principios de eficacia e racionalización aplicables á totalidade dos procedementos seguidos na administración local, impoñen verificar que a documentación xustificativa do cambio e do inicio do procedemento de desenvolvemento e equidistribución, sexa presentado polo menos por particulares propietarios que representen coma mínimo o 50 % da superficie incluída no polígono.

Terceiro.- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas

urgentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia : adecuación do cambio de sistema de actuación solicitado ó seus mandatos.

Resta por analizar requisitos exclusivamente formais de índole procedimental así coma unha cuestión de fondo á que se refire o informe emitido polo asesor xurídico en relación coa compatibilidade da petición presentada coa nova Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

A consideración xurídica cuarta do informe do asesor xurídico municipal dispón: "Examinados os planos do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Poio, púidose comprobar (segundo copia do plano que se xunta) que o Polígono 1, de Solo Urbano Non Consolidado, está incluído en gran parte na zona de cincocientos metros a que se refire a Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urgentes en Materia e Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia..

Dos preceptos legais citados dedúcese claramente que a nova lei 6/2007 é aplicable a este polígono non podendo tramitarse nin a modificación nin a aprobación do instrumento de equidistribución previsto para dito polígono, por afectarlle en parte a suspensión prevista na lei para o instrumento de equidistribución previsto en dito polígono, procedendo a interrupción do procedemento de cambio de sistema solicitado polos interesados.

Non obstante, coma a suspensión afecta soamente a parte do polígono, sería procedente que a Corporación solicite informe previo da Dirección Xeral de Urbanismo sobre si procede ou non a aplicación desta Lei a ese expediente".

Causa sorpresa, solicitando a informante que no futuro os informes técnicos incorporen os datos necesarios en orde a unha correcta emisión dos de natureza xurídica de necesaria concurrencia nos expedientes urbanísticos, que no informe emitido con data 1 de outubro de 2007 non se realice mención algunha á superficie afectada do polígono 1 SUNC pola comentada franxa de cincocientos metros xa que este dato podería ser esclarecedor sobre un posible reaxuste que permitise poder tramitar o instrumento de equidistribución na parte non afectada previo cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 117.4º LOTPMRG.

Pese a elo e tendo en conta a reciente entrada en vigor da Lei 6/2002, do 11 de maio, a funcionaria que suscribe o presente informe manifesta a súa conformidade coa petición formulada no informe do asesor xurídico que se acompaña ao mesmo.

Cuarto.- Procedemento aplicable e órgano competente.

Antes de entrar na análise do procedemento aplicable e do órgano competente para aprobar inicialmente a modificación

plantexada, é necesario resaltar que a documentación requirida mediante notificación practicada o 25 de abril de 2007, e polo que respecta aos planos topográficos, de información e emprazamento das fincas dentro do polígono non veñen visados polo colexio oficial correspondente.

Ao procedemento aplicable refírense tanto o transcrito artigo 127.2º LOTPMRG coma o artigo 93.4º, segundo inciso, da mesma Lei:

“As modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial ao que fai referencia o artigo 85.1º desta lei”.

A contradicción procedimental existente ditos artigos pode ser interpretado no sentido de que o primeiro deles afectaría tan so a instrumentos de desenvolvemento do plan xeral mentras que o segundo estaría a regular modificacións do propio instrumento de planeamento xeral.

Pero unha interpretación integradora do parágrafo segundo do artigo 127.2º LOTPMRG induce a pensar que o lexislador podería ter introducido fronte o procedemento xeral do artigo 93, un procedemento específico para tales supostos xa que o seu inciso segundo abrangue toda clase de planes que “... conteñan a ordenación detallada do solo urbano non-consolidado e do solo urbanizable...” entre os que inclúe coma neste expediente, o plan xeral.

Se así fose non se seguiría a tramitación prevista no artigo 85 da Lei senon un procedemento marcado polas seguintes fases:

- Aprobación inicial.
- Información pública por prazo de 20 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e con notificación individualizada ós propietarios afectados.

Quinto.- Órgano competente.

Na medida en que sexa cal sexa o procedemento aplicable se está a modificar planeamento xeral, será aplicable o establecido nos artigos 22.2º.c) na nova redacción establecida pola Disposición adicional novena da Lei 8/2007, do 28 de maio do solo e 47.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, sendo por tanto o Pleno por maioría absoluta de votos do seu número legal de membros o competente para aprobar a modificación proposta se así procede.

Por tanto e tendo en conta o disposto no presente informe e no emitido polo asesor xurídico, poderíase proceder á suspensión do procedemento no sentido previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas para solicitar e en tanto non sexa

emitido, informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte en relación á cuestión surxida sobre a aplicabilidade da Lei 6/2007, do 11 de maio á tramitación da modificación do cambio de sistema de actuación do polígono 1 do SUNC do PXOM de Poio así coma na correcta interpretación conxunta dos artigos 93 e 127.2º LOTPMRG aínda que na medida en que non se ten subsanadas as deficiencias no sentido requerido polo acordo da Xunta de Goberno Local notificado con data 25 de abril de 2007 en canto a obriga de presentar os planos topográficos, de información e emprazamento visados polo Colexio oficial correspondente, a citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, impondría a procedencia do arquivo das actuacións, tal e coma se prevé expresamente no acordo comunicado.

Igualmente se recomenda no presente informe se realice pronunciamento dos servizos técnicos e xurídicos existentes sobre a obriga de que dito cambio, cando poda ou se entenda deba ser tramitado, deba ser incluído ou comprendido nun Plan Especial de Reforma Interior seguindo a tramitación ambiental comentada no presente informe coma cuestión previa a resolver antes de apreciar o incumprimento da porcentaxe de solo do polígono afectada polos propietarios solicitantes.

E este ó o meu informe sen perxuízo de que o Pleno co seu máis alto criterio adopte o acordo que estime máis conforme a dereito."

Esta Comisión acorda: Darse por enterada dos informes emitidos e que se pase o asunto ó vindeiro Pleno desta Corporación para a súa resolución."

A Sra. Nieto García di que o Concello tería que ter aprobado un novo plan e adaptado a xaneiro de 2006, e agora veñen as consecuencias

O Sr. Barreiro Lubián di que pode ser unha falta por non ter aprobado o planeamento novo pero cando se elabora un novo faise 10 anos vista e agora coa elaboración do novo Plan Xeral estanse a contemplar todos os problemas que foron xurdindo.

A Corporación, por unanimidade, acordou que se dea traslado do acordo adoptado á CPTOPT (Dirección Xeral de Urbanismo) para que informe sobre a procedencia de interromper o procedemento solicitado polos interesados neste expediente, de cambio de sistema de actuación de cooperación a compensación, por estar parte do polígono incluído dentro dos metros e efectarlle a suspensión prevista na Lei 6/2007, de 11 de maio.

MOCIÓNS URXENTES.- Prodúcense as que seguen:

3068.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 33/2007: SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Previa deliberación sométese a votación a urxencia para a inclusión deste asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha, quedando aprobada a inclusión na orde do día por 10 votos a favor (7 BNG e

3 PSOE) e 7 votos en contra (7 PP).

Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e que consta dunha memoria da alcaldía de data 22 de novembro na que se pon de manifesto a necesidade de levar a cabo unha modificación orzamentaria co fin de dotar de crédito a partida ao pagamento de tributos para poder satisfacer ao pagamento do importe correspondente ao Impostos de Transmisiós e Actos Xurídicos Documentados relacionado coa compra venta de vivendas por parte do Concello adicadas ao realoxo e as partidas adicadas a amortizacións e intereses de préstamos mediante a modificación orzamentaria 33/07 de suplemento de crédito; así mesmo dáse conta do informe favorable emitido pola Intervención Municipal de data 23 de novembro de 2007.

O Sr. Domínguez Lino di que o PP non está de acordo na aprobación polo Pleno doutra modificación orzamentaria e ademais sabendo que se trata dunha modificación producida pola erradicación do chabolismo, sendo este un programa que existe fai tempo. Un concurso si pero nos preguntamos onde, cantas, de que tipo e que todos os veciños deberían de ter os mesmos dereitos.

O Sr. Alcalde explica que se trata de dous programas distintos, por un lado está a erradicación do chabolismo e por outro as vivendas sociais. A premura fai que se trate nesta sesión porque a pesar de que a orde é do 2 de marzo todo se desenvolveu neste días

O Sr. Barreiro Lubián di que o programa do chabolismo leva tempo en vixencia e non é aplicable para todos os casos, hai condicións que se deben cumprir como por exemplo débese residir nunha chabola alomenos cinco anos e ademais contrastado polos servizos sociais. Nos adherímonos a un plan de aluguer que serán propiedade do Concello cun máximo de 128 mil € dos cales a consellería financiará o 80%, e non se sabe onde se ubicarán xa que se realizará mediante concurso e non será a primeira vez que o concello se adhire a este plan.

Sometido á votación a aprobación da modificación orzamentaria núm. 33/2007, suplemento de crédito, esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE) e 7 votos en contra (7 PP), o que supón a maioría absoluta; facultándose ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

3069.- INTERVENCIÓN, ANEXO MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 32/2007: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Previa deliberación deste asunto sométese a votación a urxencia para a inclusión na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha, quedando aprobada a inclusión na orde do día por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 7 votos en contra (7 PP).

Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e da proposta da alcaldía de data 22 de novembro de 2007, na que propón destinar os importes de 97.165,79€, 62.500 € e 33.334,21 € das partidas 432.60100, 511.60101 e 451.60100 respectivamente para

crear e dotar de crédito a partida 313.62200 por importe total de 193.000 € de forma que esta dispoña de crédito co que financiar a compra das mencionadas vivendas.

Dándose conta igualmente do informe favorable emitido pola Intervención Municipal de data 23 de novembro de 2007.

O Sr. Barreiro Lubián do que o Concello porá o 20% (80% corresponde á Consellería) pero que logo repercutirá no veciño que é o que establece o Plan.

Sometido á votación a aprobación do anexo da modificación orzamentaria núm. 33/2007, transferencia de crédito, esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE) e 7 votos en contra (7 PP), o que supón a maioría absoluta; facultándose ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

ROGOS e PREGUNTAS.- Prodúcese os seguintes:

A Sra. Nieto García solicita que se tome o acordo de dirixir á CPTOPT para que o deslinde das parcelas clasificadas a favor da CMVMC non afecte ao Centro Social, Carrefour e Ponte da Barca.

A Sra. Ligerio Iglesias roga que se limpe o regato que vai dende Liñares á Seara xa que está cheo de maleza e cando se producen choivas inúndanse os terreos colindantes.

Tamén, solicita que se lle facilite o anteproxecto da piscina municipal que se remitiu a costas coa data de entrada en Costas.

INTERPELACIÓNS.- Prodúcese as seguintes:

COMPARECENCIA NA SESIÓN PLENARIA DA CONCELLEIRA VÍAS E OBRAS, SOLICITADA POLO GRUPO DO PP.- Pola Secretaria, dáse conta do escrito presentado polo Grupo Municipal do PP, con número de rexistro de entrada 6364 do 22 de novembro de 2007, solicitando a comparencia da Concelleira de Vías e Obras para informar sobre o seguinte:

- Medidas que se tomaron no Concello en relación coas excavacións da ladeira de Boa Vista.

- Se xa foron técnicos do concello ou da xunta a ver a situación na que se atopan os cimentos do edificio de vivendas sociais en Boa Vista, que no anterior pleno solicitou o PP.

- Que se informe dos últimos problemas de inundacións da zona de Andurique e a solución ao problema por parte do Concello, despois de que os veciños levan sufrindo desde fai de máis dun ano e padecendo máis de 7 inundacións nalgúns negocios e garaxes do contorno.

A continuación a Sra. Besada Lores procede a dar lectura ao seguinte escrito que di o seguinte:

Sobre as excavacións que se están a realizar no polígono 3 de Boa Vista, mantívose unha reunión cos técnicos e cos

promotores de Invercanosa, SL e pideuselle o permiso correspondente de voladuras, o que estaba en orden, así mesmo esxiuselle o plan de seguridade e que o levasen a efecto, dita notificación realizouse o 10 de outubro de 2007 con rexistro de saída 2738 transmitiuselle que as voladuras fosen notificadas mediante horario previo e publicado nas zonas adxacentes á obra, así como a prohibición de realizar voladuras os sábados.

O punto dous, sobre a situacións dos cimentos dos edificios, esxiuselles por parte do Enxeñeiro Municipal que se realizase unha análise estrutural da edificación das vivendas sociais, a promotora Invercanosa encargoulle á empresa a Enmacosa, a que con sito, dita empresa realizou unha inspección e recopilación de todas as patoloxías, lesión ou danos presentes nas distintas estancias de cada vivenda, zonas comúns e fachadas no edificio de vivendas núm. 69 na rúa Illa de Tambo e na vivenda unifamiliar rúa Illa de Ons 49, vivendas próximas á parcela na que se iniciaron os traballos de excavación de urbanización.

Con respecto ao terceiro punto, sobre os problemas de inundacións na zona de Andurique, estase a traballar sobre este problema, facendo a rede separativa da zona, xa que gran parte da rede é unitaria, e estase levando unha acción conxunta con Augas de Galicia no dimensionamento das bombas dos pozos de bombeo, a que están en marcha por medio de Aquagest, empresa adxudicataria das obras, Así mesmo, na zona de Andurique para solucionar o estrangulamento da taxa de pluviais, solicitóuselle á CPTOPT a reparación da mesma, xa que este organismo é o que ten o dominio sobre a estrada e os correspondentes cruces de pluviais, esta consellería adxudicoulle as obras á empresa Sercoysa, a que ten previsto iniciar os traballos na última semana de novembro de 2007, á espera da sinatura do contrato."

O Sr. Domínguez Lino di que lles alegra enormemente que se poñan datas para o comezo das obras e que non se transmitan compromisos senón feitos e realidades.

O Sr. Alcalde di que a obra está adxudicada pola Xunta a Sercoysa, os problemas trátanse de resolver coa maior brevidade posible pero ás veces non se poden solucionar con esa premura desexada, nun principio pensábase que o problema era o regato comprobándose posteriormente que o problema non radicaba ahí.

A Sra. Besada Lores di que xa se lle requiriu á empresa para que tomen as medidas xurdidas a raíz das choivas destes días e ademais pediuse informe á Empresa Enmacosa financiada por Invercanosa.

O Sr. Domínguez Lino di que para valorar as posibles solucións están os técnicos tarefa que non lle corresponde ao Alcalde; tamén se solicita que se o estudo de Boa Vista vai repercutir na empresa tamén solicita que o estudo que se realizou no seu momento a raíz das obras de Estrada a Campañó tamén repercute na empresa e non no Concello como demostra o estrato de facturas aprobados no seu día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e tres horas e vinte e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.